

NÚM. EXPED.	DNI/CIF	SOLICITANTE	UNIVER.	CONT. ADJUDICADA
2005/000520-0	76932925H	RAMOS VAZQUEZ, ANTONIO	3	870
2005/000181-0	33325008D	RDRGZ.-LESTEGAS TIZON, IRIA	3	1.200
2005/000817-0	36162606M	REGADAS ROMAN, RICARDO	3	666
2005/000309-0	34985068K	REINALDO VALLEJO, IVAN	3	970
2005/000849-0	36167554P	REQUEJO FASERO, JOSE ALBERTO	3	800
2005/000683-0	33998608P	REY RAMOS, ESTELA	3	650
2005/000235-0	52932568T	RIAL GARCIA, ROSANA	3	800
2005/000662-0	53171245Y	RIVAS FERNANDEZ, JUAN	3	650
2005/000799-0	53190595J	RIVAS RAÑA, ALMUDENA	3	926
2005/000651-0	76026941G	RIVERO GUTIERREZ, VICTOR M.	3	970
2005/000279-0	36176512L	RODAS VERDE, REBECA	3	750
2005/000186-0	36133843S	RODRIGUEZ BARREIRO, ISABEL	3	650
2005/000080-0	44820448A	RODRIGUEZ CAAMAÑO, VANESSA	3	716
2005/000834-0	44082704F	RODRIGUEZ DOMINGUEZ, SUEVIA	3	650
2005/000147-0	36124378A	RODRIGUEZ FERNANDEZ, HECTOR JOSE	3	650
2005/000412-0	34261795Y	RODRIGUEZ FERNANDEZ, INDARA	3	1.020
2005/000746-0	34992419N	RODRIGUEZ FORMIGO, DAVID	3	756
2005/000403-0	36166136Q	RODRIGUEZ GRADIN, CARMEN	3	630
2005/000150-0	36166293N	RODRIGUEZ MARTIN, IRIA	3	800
2005/000335-0	34636815B	RODRIGUEZ PALMEIRO, NATALIA	3	750
2005/000650-0	36155074V	RODRIGUEZ VAZQUEZ, CECILIA	3	750
2005/000749-0	36083604P	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, SANTIAGO	3	1.146
2005/000355-0	34973188D	RODRIGUEZ VARELA, BEATRIZ	3	766
2005/000248-0	36117295G	RODRIGUEZ VAZQUEZ, CONCEPCION	3	876
2005/000288-0	36125744N	RODRIGUEZ VEIGA, OSCAR	3	800
2005/000245-0	36160598K	RODRIGUEZ VEIGA, PEDRO	3	970
2005/000286-0	53180289B	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, ANXO	3	800
2005/000095-0	53176557M	ROMERO RODRIGUEZ, CARLOS	3	1.020
2005/000740-0	44825560D	RUIZ DUBRAVIN, ANDREAS TORVALD	3	800
2005/000846-0	44485075Q	SALCEDA ALONSO, MIRIAN	3	650
2005/000268-0	76623684N	SANCHEZ CARCELLER, DIANA	3	1.326
2005/000833-0	36141566X	SANCHEZ FERNANDEZ, CAROLINA	3	876
2005/000208-0	44811846A	SANCHEZ VILAS, FERNANDO	3	926
2005/000423-0	34956935V	SANTANA NIETO, MAXIMO	3	800
2005/000811-0	52933185L	SANTIN PEÑA, PATRICIA	3	580
2005/000866-0	52937136Z	SEDOFEITO SESTAYO, RUTH	3	1.226
2005/000561-0	32687718A	SESMA MAULEON, IÑAKI	3	750
2005/000351-0	35563643P	SOBRINO LORENZO, DANIEL	3	850
2005/000604-0	36169941A	SOLA BRAVO, FRANCISCO J.	3	866
2005/000243-0	32792187Y	SOUTO FOLGAR, RUBEN	3	816
2005/000679-0	1777854T	SPASOV DIMITROV, BLADEMIR	3	816
2005/000681-0	76943723Y	SUAREZ GARCIA, ANDREA	3	800
2005/000661-0	45847126F	SUAREZ VIDAL, ANA	3	696
2005/000217-0	36144805Y	TABOAS LOBATO, SANTIAGO	3	700
2005/000628-0	36091628M	TABOAS PAZOS, ESTIBALIZ	3	906
2005/000838-0	76828706N	TACON MARTINEZ, CRISTINA	3	866
2005/000851-0	36171173Q	UBEIRA FERNANDEZ, ROI	3	800
2005/000524-0	71557575K	VAILEZ DE ABAJO, LETICIA	3	926
2005/000733-0	44090609T	VALENZUELA TOLEDO, JAIRA	3	816
2005/000601-0	36161631L	VARA ADRIO, ANXO	3	850
2005/000568-0	46906624X	VARELA PEDREIRA, OLALLA	3	776
2005/000263-0	47357357N	VARELA SENIN, MARINA	3	800
2005/000182-0	53180339S	VARELA VILA, TAMARA	3	1.466
2005/000276-0	76714486X	VAZ QUINTILLAN, SARA	3	800
2005/000732-0	53172504T	VAZQUEZ DIAZ, ANA BELEN	3	776
2005/000598-0	44823606X	VAZQUEZ ESTEVEZ, IRIA	3	1.000
2005/000347-0	33545233D	VAZQUEZ FERNANDEZ, MARTA	3	1.000
2005/000788-0	77409123R	VAZQUEZ PEREIRA, GONZALO	3	746
2005/000454-0	38451137J	VAZQUEZ RODRIGUEZ, Mª JESUS	3	800
2005/000001-0	44814282R	VAZQUEZ ROMERO, ANGELA	3	926
2005/000411-0	35466945W	VAZQUEZ VILAR, GONZALO	3	1.400
2005/000858-0	44086326H	VELASCO PEDROSA, PAULA	3	1.200
2005/000622-0	44827710C	VIGO LOPEZ, VANESSA	3	716
2005/000435-0	76580424S	VILAR ALVAREZ, MIRIAM	3	650
2005/000162-0	36124850S	VILARIÑO RUBIANES, CARINA	3	706
2005/000592-0	44818024V	VILARIÑO SALGADO, VANESSA	3	876
2005/000665-0	35467269G	VILLANUEVA MOARES, PAULA	3	816
2005/000009-0	34897143W	VILLAR ZAMU, MAR	3	816
2005/000160-0	36146486P	VILLARROYA FERNANDEZ, SEBASTIAN	3	716
2005/000264-0	36161483D	VISO CARRERA, ESTEBAN	3	970
TOTAL				282.044

Lista de denegados

1. Universidade de Santiago de Compostela

NÚM. EXPED.	DNI/CIF	SOLICITANTE	UNIVER.	MOTIVO DENEGACIÓN
2005/000737-0	36096741N	ALONSO GONZALEZ, ELISA	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000673-0	53163675A	ALONSO VAZQUEZ, BEATRIZ	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000766-0	34989646E	ESTEVEZ TORRADO, PABLO	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000611-0	35572025H	FERNANDEZ GONZALEZ, DAVINIA	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000779-0	32693781V	FREIRE ALLEGUE, ROI	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000668-0	36156001R	GARABAL MONTES, MIRYAM	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000807-0	44483845M	GOMEZ CASAS, MANUELA	1	PRESENTACIÓN FÓRA DE PRAZO
2005/000720-0	77402545R	MARTINEZ RODRIGUEZ, PATRICIA	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000439-0	79326635A	MENZEZ ROMERO, ANTONIO	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000765-0	35572071H	PAES RODRIGUEZ, SARA	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000805-0	76938994S	PEREZ IGLASIAS, ANTONIO	1	PRESENTACIÓN FÓRA DE PRAZO
2005/000487-0	44839112Z	REGA GONZALEZ, NATALIA	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000514-0	05320292R	RODRIGUEZ VIVERO, LARA	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000677-0	34637085M	VALLADOR FERNANDEZ, IAGO	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000216-0	53481083B	VAZQUEZ TRIÑANES, ROMINA	1	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000100-0	33338746Q	VILA ARAICO, BRAIS	1	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA

2. Universidade da Coruña

NÚM. EXPED.	DNI/CIF	SOLICITANTE	UNIVER.	MOTIVO DENEGACION
2005/000321-0	45625254Q	CAMPOS SAAVEDRA, ALBERTO	2	POR FALTA DE DOCUMENTACION
2005/000804-0	73241175K	GANDON BERNARDEZ, ANA	2	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000802-0	34979132L	LORENZO GOMEZ, ANDRES	2	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO
2005/000684-0	79330457F	RIVERA LAMAS, REBECA	2	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000785-0	44814685J	RUIBAL SEGADE, FERNANDO	2	POR FALTA DE DOCUMENTACION

3. Universidade de Vigo

NÚM. EXPED.	DNI/CIF	SOLICITANTE	UNIVER.	MOTIVO DENEGACION
2005/000730-0	44085931Z	JUNCAL CASAL, RAUL	3	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000446-0	44489680K	LAZA FIDALGO, RAQUEL	3	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000801-0	36153589G	MARTINEZ MOVILLA, CARLOS	3	NON SE AXUSTA ÁS BASES DA CONVOCATORIA
2005/000803-0	44476605X	RODRIGUEZ PIÑA, FATIMA	3	PRESENTACION FÓRA DE PRAZO

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución conxunta do 27 de maio de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se ordena a publicación do acordo suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais UGT, CSI-CSIF, CEMSATSE, CC.OO. e CIG, polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria, se crean postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en puntos de atención continuada e se revisan as contías das gardas para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

No marco da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, após o proceso negociador, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais UGT, CSI-CSIF, CEMSATSE, CC.OO e CIG acadaron o acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria, se crean postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en puntos de atención continuada e se revisan as contías das gardas para o persoal estatutario do Sergas, que foi asinado polos representantes da Consellería de Sanidade e as citadas organizacións sindicais o día 20 de abril de 2005.

O acordo anexo tivo lugar con base no disposto no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas, modificado pola Lei 18/1994, do 30 de xuño e de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo é o que figura como anexo a esta resolución, que foi autorizado polo Consello

da Xunta de Galicia na súa reunión do día 12 de maio de 2005.

Para xeral coñecemento, de acordo co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, faise necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

RESOLVEN:

Dispoñer a publicación do acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria, se crean postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en puntos de atención continuada e se revisan as contías das gardas para o persoal estatutario do Sergas.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2005.

Carlos Monclús Díez de Ulzurum Secretario xeral da Consellería de Sanidade	Ignacio Lema Piñeiro Director xeral da División de Recursos Humanos do Sergas
--	--

ANEXO

No marco da mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas, após o proceso negociador seguido coas centrais sindicais integrantes dela, en diversas reunións mantidas ao longo deste ano 2004, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais UGT, CSI-CSIF, CEM-SATSE, CC.OO e CIG negocian con acordo a regulación das condicións de traballo e retributivas de persoal de urxencias en atención primaria, a creación de postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en PAC e a revisión das contías das gardas para o persoal do Sergas.

Coa entrada en vigor deste acordo, a Consellería de Sanidade propondrá a modificación do primeiro parágrafo da disposición 5.3, a disposición 6, a disposición 8 e a disposición 9 do Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urxencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia. Será efectiva naqueles ámbitos onde se proceda á execución da opción da voluntariedade para prestar servizos nos PAC. A voluntariedade para o resto dos ámbitos será efectiva coa execución da opción de voluntariedade neles. No Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, introdúcese na disposición 7 Complemento de produtividade punto 2) factor fixo, un complemento por intersubstitución.

Tendo en conta as dispoñibilidades organizativas e asistenciais concorrentes, os médicos de familia e diplomados en enfermaría de atención primaria viron modificada a súa prestación e reducidas as horas de gardas, con base no pacto sobre urxencias extrahospitalarias (DOG nº 44, do 2 de marzo de 2001), no cal se acordou a redución das horas obrigatorias en gardas. Por mor do pacto anterior, regú-

lase neste acordo a declaración voluntaria de realización de gardas, tamén condicionada á garantía da asistencia sanitaria.

Derivado da necesidade estrutural de asistencia sanitaria que se presta á poboación en urxencias de atención primaria, a asistencia urxente que non se cubra con horas de garda voluntarias será prestada por postos de traballo específicos para PAC. Estes postos serán dotados nos cadros de persoal das xerencias de atención primaria. A creación destes postos permite a realización voluntaria de gardas polo persoal que presta servizos nas unidades e servizos de atención primaria; asemade garante a debida prestación á poboación.

A previsión de dotación de postos de traballo e prazas nos cadros de persoal nos anos 2005, 2006 e 2007, que se recolle neste acordo, supón un importantísimo incremento de recursos de persoal dedicados no sector sanitario ao nivel de atención primaria.

Canto ao réxime retributivo dos profesionais de unidades e servizos incorporárase nel un complemento de intersubstitución con cargo á produtividade fixa. O concepto retributivo complementario de intersubstitución ten por obxecto salvagardar a prestación ao usuario ante a indispoñibilidade de efectivos para cubrir substitucións programadas do cadro de persoal, por mor da ocupación que se prevé como consecuencia da importante dotación de persoal nas urxencias extrahospitalarias.

Revísanse tamén os valores das contías de gardas contidos nas ordes de confección de nóminas aplicables ao persoal do Sergas como incentivo á voluntariedade na realización de gardas polo cadro de persoal ante a presente situación de falta de profesionais. Prevese un incremento das contías de gardas para o persoal de primaria e especializada. Nesta norma, tal como se regula no acordo de concertación social sobre retribucións e condicións de traballo, do 22 de febreiro de 2001, recoñécese para o persoal non incluído no acordo anterior unha contía adicional de gardas por esta prestación en días de especial significación no Nadal.

Por razón da materia, que abrangue condicións de traballo e retributivas, e das competencias dos órganos, este documento foi negociado na mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Sergas polos representantes da Administración sanitaria e as centrais sindicais UGT, CSI-CSIF, CEM-SATSE, CC.OO e CIG con acordo unánime de todas as partes, celebrado de conformidade co artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas e de acordo co previsto no artigo 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde.

Após os informes, consonte as normas vixentes para a súa eficacia, logo de aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Sanidade, as partes concertan o contido do acordo que se recolle a seguir.

Acordo polo que se regulan as condicións de traballo e retributivas do novo modelo de atención primaria, se crean postos de traballo de médicos de familia e diplomados de enfermaría en puntos de atención continuada e se revisan as contías das gardas para o persoal estatutario do Sergas.

Artigo primeiro.-Obxecto e ámbito.

Este acordo ten por obxecto e ámbito o seguinte:

1. No ámbito de atención primaria do Sergas: regular as condicións de traballo e retributivas do persoal que presta servizos de urxencias en atención primaria no Sergas, coa creación de postos de traballo en urxencias extrahospitalarias, declarar a opción de realización voluntaria de gardas polo persoal de atención primaria e crear un novo concepto retributivo para o persoal de atención primaria.

2. No réxime de gardas de atención primaria e atención especializada do Sergas: revisar as contías de gardas do persoal estatutario que realiza prestación de gardas de presenza física e localizada no ámbito de atención especializada e da atención primaria, e posibilitar a retribución adicional de garda por prestación en días de especial significación no Nadal.

Artigo segundo.-Normas xerais sobre creación de postos de puntos de atención continuada e condicións de traballo e retributivas do novo modelo de urxencias en atención primaria e opción de voluntariedade do persoal do cadro.

A nova organización das urxencias en atención primaria implica a creación de postos de traballo de médicos de familia e de diplomados en enfermaría en PAC, coa regulación que se contén no artigo terceiro.

Posibilitase a realización de gardas voluntarias, en xornada complementaria, nas condicións establecidas pola organización co fin de garantir a asistencia sanitaria, segundo se dispón no artigo cuarto.

No artigo quinto, establécense medidas retributivas específicas para atención primaria derivadas da aplicación da nova organización.

Artigo terceiro.-Creación de postos de traballo en urxencias extrahospitalarias.

Os cadros de persoal das institucións sanitarias do Sergas dotaranse coas prazas que se determinen, co obxecto de crear postos de traballo estables de médicos de familia e diplomados en enfermaría de PAC para prestación da atención urxente extrahospitalaria.

Os postos a crear serán adecuados ás necesidades asistenciais, con prestación dedicada á atención urxente no ámbito de primaria.

A prestación realizarase consonte o establecido nun plan de ordenación de recursos humanos específico para este ámbito da atención urxente. Será completado con programas funcionais relativos a atención continuada ou urxencias para realizar polas xerencias, responsables da súa xestión.

Os programas funcionais respectarán os criterios xerais e comúns para todos eles que se dispoñan no Plan de ordenación de recursos humanos.

Os profesionais que ocupen estes postos terán as condicións de traballo e retributivas contidas nesta disposición, sen prexuízo da aplicación das restantes normas reguladoras de condicións de traballo para o persoal do Sergas.

1. Condicións de traballo.

1.1. Horarios.

Partindo dos horarios actuais das unidades e servizos e PAC, os horarios e, consecuentemente, a xornada do postos de traballo nos PAC adaptaranse á organización do PAC, segundo resulte da planificación correspondente.

1.2. Xornada.

Con carácter xeral, a xornada de traballo nos PAC fíxase en 1.570 horas efectivas anuais de atención continuada que se realizarán en horario de PAC. Naqueles PAC en que os profesionais teñan a xornada asignada a partir das dez da noite en días laborais a xornada anual efectiva será de 1.430 horas.

A comisión de seguimento prevista no artigo oitavo deste acordo determinará os supostos de aplicación de xornada de 1.430 horas cando a xornada a realizar sexa maioritariamente de noite.

Posibilitarase aos médicos de familia e diplomados en enfermaría, nas condicións e cos límites en materia de xornada e descansos previstos na Lei 55/2003, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, a superación voluntaria da antedita xornada, combínese ou non coa realización de traballo no horario das unidades ou servizos de atención primaria. Esta prestación preverase nos programas funcionais das xerencias, que serán negociados cos representantes de persoal nas xuntas da área correspondente ou, se é o caso, comisións de centro.

1.3. Asistencia a cursos de formación.

Os médicos de familia e persoal diplomado en enfermaría que ocupen postos de urxencias extrahospitalarias poderán desfrutar de permisos para formación acreditada polos sistemas de acreditación da formación das profesións sanitarias, e as accións formativas incluídas no plan de formación continua das administracións públicas (Sergas, outras administracións públicas ou organizacións sindicais), cuxos programas estean relacionados coas funcións do seu posto de traballo, ou para capacitación profesional, cando a programación dos cursos sexa coincidente co horario de traballo. Por este motivo poderán solicitarse ata 28 horas ao ano.

Cando se exceda o límite de horas establecido, ou as materias non estean relacionadas coas funcións dos postos de traballo, os órganos directivos dos centros de xestión poderán facilitar a asistencia, cando as necesidades do servizo así o permitan.

1.4. Funcións.

As funcións serán as establecidas para cada categoría, aplicadas ás actividades que teñen encomendadas nos puntos de atención continuada no horario de traballo e xornada propia do posto en PAC, así como nos servizos en que se integren actividades preventivas, asistenciais, de promoción da saúde,

docente, investigadora, formación; en xeral, todas aquelas encamiñadas á mellora da atención dos doentes da área.

2. Retribucións.

Estes postos de traballo serán retribuídos única e exclusivamente cos conceptos retributivos seguintes establecidos neste número 2.

2.1. Retribucións de médicos de familia en postos de PAC novo modelo.

Serán as establecidas no cadro seguinte para o ano 2005:

2005	Soldo base	Comp. destino	Comp. específico	Incremento comp. específico	Produtividade fixa acordos	Adicional paga extra	Total anual
Mensual	1.069,62	484,42	374,67	187,75	185,85	48,44	
Anual	14.974,68	6.781,88	4.496,04	2.253,00	2.230,20	678,16	31.413,96

Nos anos 2006 e 2007 producirase un incremento de 1.115,4 euros anuais respectivamente no complemento específico, aboados en 12 mensualidades.

As contías anteriores, veranse incrementadas nas porcentaxes que se prevexan nas sucesivas leis de orzamentos coa finalidade de que no ano 2007 as retribucións se equiparen ás previstas no Decreto 226/1996 para un médico de familia de atención primaria sen asignación da produtividade variable derivada dos factores previstos no seu artigo 7 a).

Aplicaranse pola súa vez os incrementos previstos no acordo de mellora retributiva e profesional do persoal do Sergas do 1 de outubro de 2003 (DOG nº 232, do 28 de novembro) número 4.2.1 para os médicos de familia, pediatras e odontólogos de atención primaria.

Ademais das retribucións fixas e periódicas que se establecen, este persoal poderá participar de acordo co artigo 7 c) do Decreto 226/1996, nos obxectivos e programas prefixados polo Sergas coa correspondente asignación individual das contías derivadas do grao de cumprimento deles. Os obxectivos e o seu seguimento serán específicos da competencia profesional que se desenvolverá nos postos de traballo de urxencias extrahospitalarias. As contías e demais condicións de comportamento deste complemento serán as mesmas que as regras xerais mantidas para o resto do persoal facultativo de atención primaria.

2.2. Retribucións de diplomados de enfermaría en postos PAC novo modelo.

Serán as establecidas no cadro seguinte para o ano 2005:

2005	Soldo base	Comp. destino	Comp. específico	Produtividade fixa acordos	Adicional mpaga extra	Totais
Mensual	907,80	393,35	84,39	29,50	39,33	
Anual	12.709,20	5.506,90	1.012,68	354,00	550,62	20.133,4

Nos anos 2006 e 2007 producirase un incremento de 1.012,68 euros anuais respectivamente no complemento específico, aboados en 12 mensualidades.

As contías anteriores veranse incrementadas nas porcentaxes que se prevexan nas sucesivas leis de orzamentos.

Aplicaranse pola súa vez os incrementos previstos no acordo de mellora retributiva e profesional do persoal do Sergas do 1 de outubro de 2003 (DOG nº 232, do 28 de novembro) número 4.2.2 para as enfermeiras e fisioterapeutas de atención primaria.

Ademais das retribucións fixas e periódicas que se establecen, este persoal poderá participar de acordo co artigo 7 c) do Decreto 226/1996 nos obxectivos e programas prefixados polo Sergas coa correspondente asignación individual das contías derivadas do grao de cumprimento deles. Os obxectivos e seguimento serán específicos da competencia profesional

que se desenvolverá nos postos de traballo de urxencias extrahospitalarias. As contías e demais condicións de comportamento deste complemento serán as mesmas que as regras xerais mantidas para o resto de persoal de enfermaría de atención primaria.

2.3. Complemento de produtividade por participación no traballo da unidade ou servizo.

Créase este complemento de produtividade destinado a retribuír a participación polo persoal que ocupa posto de PAC de novo modelo no traballo ordinario da unidade ou servizo, fóra do horario do PAC, como prestación complementaria da xornada, cuxa contía se determinará en función das horas realizadas nas condicións anteriores, co seguinte prezo hora:

Médico de familia en PAC	Diplomado en enfermaría e PAC
Ano 2005: 21,30 €	Ano 2005: 13,95 €
Ano 2006: 23,53 €	Ano 2006: 15,41 €

A partir do ano 2007 a contía prevista para o ano 2006 verase incrementada coas porcentaxes que se prevexan nas sucesivas leis de orzamentos.

2.4. Complemento de atención continuada por día de especial significación.

Créase a retribución adicional ao salario ordinario da xornada de PAC novo modelo destinado exclusivamente a retribuír a realización de xornada os días 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro. Para xerar o dereito á retribución deberá prestar servizos efectivos de presenza física ou localizadas nalgún dos días de especial significación: 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro. Percibirá a retribución correspondente ao módulo €/hora de garda previsto para a categoría correspondente no concepto de gardas, segundo se determina nas normas anuais de confección de nóminas de persoal da Administración pública de Galicia.

Complemento de atención continuada por día de especial significación decembro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	14,63	7,31
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

3. Adaptación dos cadros de persoal a prazas de novo modelo.

As modificacións dos cadros de persoal dos centros, coa incorporación das prazas en cada área sanitaria, serán levadas a efecto polo Sergas progresivamente nos anos 2005, 2006 e 2007.

No ano 2005, as modificacións dos cadros de persoal serán nas condicións do artigo sétimo. As modificacións do ano 2006, levaranse a cabo de xuño a decembro, con un mínimo dun cincuenta por cento do novo modelo pendente. No ano 2007, efectuaranse de xaneiro a xuño, nos restantes ámbitos de PAC que queden pendentes, ata completar o cento por cento dos PAC actuais.

A partir desa previsión e cara ao futuro, as prazas que se determinen derivadas das necesidades de servizo dos centros que teñan por obxecto a prestación urxente nos PAC terán que ser configuradas conforme o novo modelo que se deseñe neste acordo ou norma que o substitúa.

3.1. Nos PAC piloto e nos recollidos neste acordo.

Nos 16 PAC piloto postos en marcha no mes de decembro de 2004 e 1 de marzo de 2005, así como os 35 previstos no artigo sétimo punto 2 deste acordo, aplicaráselles as condicións desta norma, en coordinación coa toma de posesión derivada da OPE extraordinaria no ano 2005.

Na medida en que se vaian dotando as prazas, consonte o número que dispoña a División de Recursos Humanos, os vínculos de PAC piloto por servizo determinado nesas PAC rematará, transformando o vínculo piloto anterior nun vínculo de interinidade en posto vacante de PAC.

3.2. Nos PAC restantes.

Para os restantes ámbitos de PAC non incluídos como pilotos segundo se determina no punto 3.1 anterior, a aplicación de condicións de traballo de novo modelo acordadas nesta norma, así como a dotación de prazas nos cadros de persoal das xerencias, realízanse de acordo co disposto no número 3 deste artigo terceiro.

A concreción de PAC e as datas de execución serán determinadas pola División de Recursos Humanos do Sergas, por proposta da División de Asistencia Sanitaria, logo de negociación no seo da mesa sectorial.

3.3. Porta de entrada ao sistema para médicos de familia.

A vinculación en PAC será a porta de entrada habitual dos profesionais médicos de familia no sistema sanitario do Sergas que se contemplará na regulación de selección temporal futura.

O acceso inicial a estes postos de PAC posibilitará, de acordo coas normas de selección temporal, o acceso a postos de traballo de prestación asistencial completa ou ordinaria.

4. Servizos prestados en nomeamentos de atención continuada.

Os servizos prestados en nomeamentos de atención continuada ou gardas no Sergas, sexan ou non baixo as condicións de alta continuada para cotización á Seguridade Social, computaranse co criterio de equivalencia de 30 días ou un mes por cada 130 horas traballadas, ou a parte proporcional que corresponda á fracción.

Este criterio será recollido nos futuros baremos na parte de servizos prestados ou experiencia profesional nos procesos de selección, fixa e temporal, ou provisión convocados polo Sergas.

Artigo cuarto.-Opción para a realización voluntaria de gardas en unidades e servizos de atención primaria.

O persoal médico de familia e diplomado en enfermaría poderá facer voluntariamente gardas mediante un procedemento de opción, sen horas obrigatorias, nos ámbitos de atención urxente extrahospitalaria que se determinen e nas condicións básicas previstas neste acordo e as que se diten no seu desenvolvemento.

O procedemento de opción e as condicións dela serán regulamentadas mediante instrucións da División de Recursos Humanos do Sergas, logo de negociación no seo da comisión de seguimento deste acordo. As condicións e procedemento poderán coincidir

coas previstas para PAC piloto ou ser obxecto de modificación após a negociación.

1. Ámbito de aplicación.

A voluntariedade será aplicable para o persoal médico de familia e diplomado en enfermaría das unidades e servizos de cadro de persoal de atención primaria, nas condicións que se establezan nas instrucións citadas.

2. Condicións da opción.

A opción será realizada polo profesional de xeito expreso, para a súa realización en xornada complementaria á ordinaria, sempre que así o permitan as necesidades asistenciais, consonte a organización prevista nos programas funcionais de cada área sanitaria, nos ámbitos determinados pola División de Asistencia Sanitaria.

A opción voluntaria para a realización de gardas manifestada polo profesional poderá ser revertida pola Administración de maneira excepcional, motivada e con carácter temporal, logo de informe á xunta de área ou, se é o caso, comisión de centro, perante a necesidade de dar cobertura á asistencia sanitaria normal nalgún ámbito.

3. Contido da opción de voluntariedade.

Os requisitos, procedemento, ámbitos, prazos especiais e posible reversión conforman o exercicio da opción de voluntariedade e serán determinados polos órganos competentes do Sergas mediante instrucións, previamente negociadas no seo da comisión de seguimento deste acordo.

Os programas funcionais das xerencias recollerán mecanismos que posibiliten o exercicio da solicitude da reversión da opción voluntaria manifestada polo profesional, así como tamén que esta opción poida realizarse fóra dos prazos establecidos, en situacións especiais que se concreten, sempre condicionada ás necesidades asistenciais.

4. Efectos.

4.1 O persoal médico de familia e diplomado en enfermaría que pertencen ao cadro de persoal dos ámbitos das unidades e servizos non contemplados no punto 4.2, poderán optar pola realización de gardas en urxencias extrahospitalarias cando se produza a incorporación de profesionais procedentes da execución da OPE extraordinaria, prevista para o mes de novembro de 2005, nas condicións que se regulen a través de instrucións da División de Recursos Humanos, logo de negociación no seo da comisión de seguimento deste acordo.

O exercicio desta opción no ano 2005 realizarase con anterioridade ou no mes seguinte ao último día de prazo da toma de posesión. Os programas funcionais das xerencias realizaranse e negociaranse no seo das xuntas de área ou, se é o caso, comisións de centro, dentro do mes seguinte ao prazo anterior, unha vez

coñecida a voluntariedade. Esta voluntariedade terá que facerse efectiva no prazo máximo dun mes desde a aprobación do programa funcional.

4.2. A opción de voluntariedade para os médicos de familia e diplomados en enfermaría do cadro de persoal das unidades e servizos do artigo sétimo parágrafo 2 deste acordo nos 35 PAC formalizarase con aplicación dos criterios do pacto publicado por Resolución do 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e diplomado en enfermaría nos PAC piloto (DOG nº 218, do 9 de novembro), así como das instrucións que se diten.

A opción xeral non volverá a ofertarse neses ámbitos de PAC nin nos 16 PAC piloto, sen prexuízo das opcións individuais que poidan exercerse por mor da organización no PAC.

As instrucións que se diten relativas á opción de voluntariedade do artigo cuarto parágrafo 3 terán en conta esta premisa no seu contido regulador.

Artigo quinto.-Complemento salarial de intersubstitución

A Consellería de Sanidade impulsará e propondrá a modificación das retribucións previstas no Decreto 226/1996, para engadir un complemento con cargo ao complemento de produtividade fixa, aplicable ao persoal médico de familia e diplomado en enfermaría de atención primaria. Este concepto retribúe singularidades na prestación derivadas do novo modelo de organización das urxencias de atención primaria.

1. Retribución complementaria por intersubstitución.

1.1. Créase con cargo ao complemento de produtividade fixa da disposición sétima punto dous a) do Decreto 226/1996, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e servizos de atención primaria, do 25 de abril a modalidade J.-Complemento de intersubstitución por prestación de traballo motivada pola ausencia de profesionais da unidade.

1.2. Este complemento de intersubstitución ten por finalidade retribuír a prestación de servizos dos médicos de familia, pediatras, odontólogos, diplomados en enfermaría e fisioterapeutas das unidades e servizos de cadro de persoal que atendan a cota de pacientes adscritos a outros profesionais da mesma categoría e unidade, ausentes, non substituídos por persoal temporal ou por persoal de PAC, por causa de vacacións, permiso matrimonial, ou días de libre disposición.

Tamén, aquelas ausencias non substituídas derivadas de incapacidade temporal, nos supostos previstos na lexislación de Seguridade Social, así como tamén derivada de suspensión con dereito a reserva, nos supostos previstos na Lei de conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, que teñan unha duración superior a 15 días.

1.3. A contía do complemento calcúlase para médicos de familia, co importe que resulte de dividir a contía media día do factor fixo de produtividade nas modalidades A á G, prevista no artigo 7 do Decreto 226/1996, entre o número de profesionais que realicen a prestación substituída, descontando os ausentes.

1.4. Para diplomados en enfermaría calcúlase co resultado de dividir o número de cartillas asignadas á unidade entre os profesionais dela, excluídos os ausentes. Aboarase soamente a diferenza que se produza de existir salto de tramo.

1.5. A dirección da División de Recursos Humanos do Sergas ditará instrucións de aboamento e do procedemento de aplicación na nómina, logo de tratamento na comisión de seguimento. As instrucións comprenderán a forma de cálculo para pediatras, odontólogos e fisioterapeutas. As instrucións determinan as datas de efectos.

1.6. Esta retribución só será efectiva cando as ditas ausencias non sexan cubertas por persoal temporal ou persoal de PAC e sempre que supoña asignación real de pacientes.

Artigo sexto.-Revisión da contía da garda e retribución adicional por prestación en días de especial significación.

1. Incremento da retribución por gardas.

Establécese un incremento de 2 €/hora por garda de presenza física e a parte proporcional correspondente na localizada, para o persoal estatutario facultativo de atención primaria e especializada e diplomado en enfermaría de atención primaria con efectos do 1 de maio de 2005.

Para os diplomados en enfermaría de equipamentos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía incrementase o valor hora na mesma proporción, por valor de 1 euro hora para o cálculo do valor do módulo de prestación de servizos de presenza física e o 50% para a localizada.

Fíxase idéntica suba para o mes de maio de 2006 e de 2007 cos mesmos efectos.

Valor en maio 2005 das gardas:

Maio 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	248,74	351,17	124,36	175,57

Maio 2005	Valor módulo 67 horas mes presenza física	Valor módulo 134 horas mes localizada
Diplomados en enfermaría de equipamentos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía	421,33	421,33

Maio 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	14,63	7,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

2. Retribución adicional pola prestación de gardas nos días de especial significación.

2.1. Requisitos.

Procederá o aboamento do complemento adicional por gardas pola prestación efectiva de gardas de presenza física ou localizada nos días seguintes: 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.

2.2. Ámbito.

Será de aplicación ao persoal estatutario facultativo e diplomado en enfermaría de atención primaria e facultativos especialistas de atención especializada, que teñan un nomeamento fixo ou temporal nas institucións sanitarias do Sergas e cuxas retribucións deriven do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, e realicen a prestación nestas condicións. No ámbito inclúese o persoal con nomeamento para gardas médicas ou atención continuada en urxencias extrahospitalarias.

2.3. Condicións e efectos.

O complemento adicional consistirá nunha retribución de igual contía que a prevista para cada tipo de prestación en módulos ou horas de gardas de presenza física, localizada ou mixta, segundo se determina nas normas anuais de confección de nóminas do persoal da Administración pública de Galicia. Esta retribución terá efectos desde decembro de 2004.

Módulo adicional día especial 2004	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	210,46 €	297,12 €	105,23 €	148,56 €

Módulo adicional xaneiro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	214,71 €	303,12 €	107,44 €	151,68 €

Módulo adicional decembro 2005	Presenza física 17 horas	Presenza física 24 horas	Localizada 17 horas	Localizada 24 horas
Persoal facultativo de atención especializada	248,71 €	351,12 €	124,44 €	175,68 €

Módulo adicional hora 2004	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extrahospitalarias	12,38	6,19
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	8,67	4,32

Módulo adicional hora xaneiro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extra-hospitalarias	12,63	6,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	8,84	4,41

Módulo adicional hora decembro 2005	Valor módulo €/hora presenza física	Valor módulo €/hora localizada
Persoal facultativo de urxencias extra-hospitalarias	14,63	7,32
Diplomados en enfermaría de urxencias extrahospitalarias	10,84	5,41

Artigo sétimo.-Réxime de posta en marcha do novo modelo.

1. Réxime xurídico aplicable ao persoal de PAC.

Mentres non se proceda á aplicación das condicións de traballo e retributivas de novo modelo recollidas neste acordo, o réxime xurídico e retributivo aplicable ao persoal que preste servizos nos PAC será o contido no acto publicado por Resolución do 29 de outubro de 2004, de creación de postos de traballo de médicos de familia e diplomados en enfermaría en PAC piloto (DOG nº 218, do 9 de novembro).

2. Ampliación de PAC piloto.

2.1. Formalizaranse as opcións de voluntariedade mediante instrucións da División de Recursos Humanos. Ao persoal que se vincule aplicaráselle as condicións de traballo baixo a modalidade A das recollidas no pacto publicado por Resolución do 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e diplomado en enfermaría nos PAC piloto (DOG nº 218, do 9 de novembro), sen prexuízo de que voluntariamente poidan ampliar a súa xornada de xeito regrado, sen menoscabo da necesaria garantía asistencial, coas retribucións correspondentes, previstas no pacto citado sobre PAC piloto nas unidades e servizos dos ámbitos seguintes:

* Provincia da Coruña.

Xerencia de Atención Primaria da Coruña: PAC de Arteixo, PAC de Culleredo, PAC da Laracha, PAC de Ponteceso, PAC de Sada, PAC de Vimianzo, PAC Oleiros e PAC de Carballo

Xerencia de Atención Primaria de Santiago: PAC de Boiro, PAC de Noia, PAC de Ordes, PAC de Padrón, PAC de Rianxo, PAC de Ribeira e PAC da Pobra do Caramiñal, PAC de Santa Comba

Área Sanitaria de Ferrol: PAC de Narón, PAC das Pontes, PAC de Pontedeume

* Provincia de Lugo.

Xerencia de Atención Primaria de Lugo: PAC do Corgo, PAC de Guitiriz, PAC de Guntín, PAC de Lugo, PAC de Sarria, PAC de Vilalba, PAC de Outeiro de Rei

* Provincia de Ourense.

Xerencia de Atención Primaria de Ourense: PAC da Pobra de Trives, PAC de Viana do Bolo, PAC de Castro Caldelas

* Provincia de Pontevedra.

Xerencia de Atención Primaria de Vigo: PAC de Redondela, PAC de Moaña e PAC da Guarda

Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra: PAC de Lalín, PAC de Vilagarcía, PAC de Sanxenxo

As ofertas de voluntariedade que se formalicen neses ámbitos conformarán as horas reservadas á voluntariedade neses PAC.

A voluntariedade exercida nos ámbitos de PAC piloto actuais e os citados condicionarán o exercicio futuro da voluntariedade dos profesionais que vaian prestar servizos neses PAC, tanto para o persoal de nova incorporación como para os supostos de reversión, polo que, con carácter xeral, non volverán a ofertarse.

Os aspirantes seleccionados para a cobertura das horas non cubertas con persoal voluntario que subscriban os vínculos de PAC piloto neses ámbitos terán prioridade na selección para a cobertura da praza de PAC no momento en que esta se cree nos cadros de persoal correspondentes, nos termos recollidos no artigo terceiro parágrafo 3.

2.2. A relación anterior poderá verse ampliada ou modificada. Neste suposto, a nova proposta levarase á comisión de seguimento deste acordo, para posteriormente tramitarse a través dos programas funcionais das xerencias correspondentes.

3. Nomeamentos temporais.

3.1. Tipos de vínculos para todos os PAC.

1.1. A cobertura de atención continuada de todos os PAC incluídos neste acordo, sexan ou non pilotos, realizarase mediante a modalidade de nomeamento temporal fóra de cadro por servizo determinado. Nos PAC do anexo I terán por causa a posta en marcha de novo modelo, baixo a modalidade A recollida no pacto publicado por Resolución do 29 de outubro de 2004 de creación de postos de traballo de médicos de familia e diplomado en enfermaría nos PAC piloto (DOG nº 218, do 9 de novembro), coa posibilidade de que voluntariamente poidan aumentar a súa xornada, sen menoscabo da necesaria garantía asistencial.

O resto terá por causa a cobertura de atención continuada ou gardas no ámbito correspondente, baixo a modalidade C das recollidas no pacto anteriormente citado. Estará vixente ata a opción de voluntariedade do cadro de persoal, coa eliminación das gardas obrigatorias, prevista coa incorporación da oferta de emprego extraordinaria en curso.

Os vínculos serán retribuídos cos correspondentes códigos orzamentarios creados para PAC piloto, coas condicións previstas no pacto regulador destes.

1.2. Os postos de PAC piloto xa constituídos e dos 34 previstos neste acordo, sen prexuízo dos que se puidesen ampliar, terán carácter estrutural, polo que no seu momento serán transformados en nomeamentos interinos, coa dotación da praza correspondente ao posto de PAC, de mantérense as condicións estruturais que dan lugar ao vínculo. A selección rexeráse polo disposto no punto seguinte.

3.2. Oferta de selección temporal.

1.1. Realizarase unha única oferta de selección para formalizar os vínculos anteriores. Nela distínganse as ofertas que corresponden aos PAC piloto ampliados do resto.

A oferta será conxunta, ben que a vinculación se realizará en dúas fases. Nunha primeira fase os 35 piloto e nunha segunda o resto, dado que a primeira está condicionada ao exercicio da opción de voluntariedade.

1.2. Informarase os aspirantes que os PAC piloto do punto 2 do artigo sétimo teñen garantías de estabilidade e verán aplicado o novo modelo deste acordo previsiblemente no mes de novembro.

1.3. No resto de PAC informarase os profesionais que opten que previsiblemente no mes de novembro, con ocasión da toma de posesión da OPE, se exercerá a voluntariedade neses ámbitos, e poderán verse revisados o número de vínculos e profesionais seleccionados con respecto ás listaxes de selección actualmente vixentes, adoptándose os criterios de cesamento e recolocación, se é o caso, no seo da comisión de seguimento deste acordo.

1.4. As xerencias ofertarán os vínculos pola orde da lista especial de urxencias extrahospitalarias para cobertura de longa duración elaborada segundo a convocatoria ordinaria formalizada no mes de xuño de 2004, cos criterios fixados no pacto de selección temporal e os ditados no seu desenvolvemento. As vinculacións que resulten implicarán o remate das vinculacións de atención continuada con alta continuada neses ámbitos, pola causa prevista no número 2 da Resolución do 6 de agosto de 2004, publicada no DOG nº 160, do 18 de agosto, pola que se acorda dar publicidade aos acordos acadados no seo da comisión de seguimento de urxencias extrahospitalarias.

4. Réxime de gardas.

Nos ámbitos dos PAC non incluídos na relación de 35 PAC do parágrafo 2 desta disposición manterán o actual réxime de gardas obrigatorias e voluntarias. Sen prexuízo do anterior, poderán reducirse os tramos de horas obrigatorias de gardas, logo de negociación das xerencias coas xuntas de área ou comisións de centro, e sempre que se dispoña de horas para asignar ao persoal en postos de PAC para completar a xornada de 1.624.

Artigo oitavo.-Comisión de seguimento.

1. Para cuestións que se susciten na aplicación e interpretación deste acordo e demais previstas nas disposicións, constituirase unha comisión en que participarán representantes designados pola Administración sanitaria e das organizacións sindicais da mesa sectorial.

Así mesmo, serán tratadas previamente no seo de dita comisión as instrucións de desenvolvemento nesta materia que diten os órganos competentes.

2. En especial realizarase un seguimento da inter-substitución en aplicación do artigo quinto. O seguimento ten por obxecto establecer criterios obxectivos de intersubstitución que garantan a presenza necesaria para cubrir a totalidade da carteira asistencial dos servizos, unidades e PAC de atención primaria.

3. Os criterios e a fórmula de cálculo de inter-substitución fixados para o persoal diplomado en enfermaría poderán ser revisados no seo desta comisión, previas as autorizacións preceptivas.

4. Así mesmo, a comisión de seguimento realizará a análise e estudo para a conversión dos actuais celadores en PSX após a resolución da fase de provisión da OPE extraordinaria.

Artigo noveno.-Desenvolvemento.

Corresponde ás divisións de Asistencia Sanitaria e de Recursos Humanos do Sergas o desenvolvemento mediante instrucións das materias contidas neste acordo que faciliten a súa aplicación.

Disposicións adicionais

Primeira.-A revisión de postos en PAC que impliquen incremento ou amortización de prazas, así como modificación de horarios, realizarase a través de programas funcionais das xerencias correspondentes, logo de negociación nese ámbito coas comisións de centro ou xuntas de área.

Segunda.-O previsto neste acordo sobre dotación de prazas estará condicionado ás medidas que impliquen un réxime organizativo distinto ao previsto naqueles centros situados en localidades que dispoñan de hospital, após o proceso negociador correspondente.

Terceira.-O persoal de urxencias de atención primaria non integrado ata esta data, poderá integrarse nas prazas que se transformen de novo modelo de atención primaria.

Cuarta.-Aplicaráselle ao persoal de xestión e servizos de PAC que realice traballo a quendas a xornada prevista no acordo de concertación social.

Por outra banda, no seo da comisión de seguimento realizarase unha revisión das actuais dotacións de persoal non sanitario nos PAC.

Quinta.-A Consellería de Sanidade propondrá a modificación das normas contidas nos decretos 226/1996, do 25 de abril, sobre réxime retributivo de atención primaria e no Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de urxencias extrahospitalarias, que resultan afectadas ou modificadas polo contido deste acordo.

Sexta.-Este acordo remitirase á oficina pública a que fai referencia a Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical.

Disposición derradeira

Este acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 27 de maio de 2005 pola que se regula a descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa, e se establece o procedemento para a autorización.

O Regulamento (CEE) nº 2847/93, do Consello, do 12 de outubro de 1993 e as súas posteriores modificacións, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduce no seu título II, control de capturas, artigo 13, a obriga de que todos os produtos da pesca desembarcados ou importados na comunidade, e para os que non presentaran unha nota de venda, nin unha declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do desembarque ou importación, deberán ir acompañados dun documento ata que se efectúa a primeira venda.

No artigo 9 do citado Regulamento 2847/1993 establécese que cando os produtos non se poñan á venda ou se destinen a unha venda posterior deberán presentar ás autoridades competentes unha declaración de recollida.

Estes regulamentos trasládanse parcialmente á lexislación nacional, co obxecto de establecer a normativa básica en materia de ordenación do sector

pesqueiro que atribúe ao Estado o artigo 149.1.19ª da Constitución mediante o Real decreto 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, que ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros con ocasión do desembarque e descarga no territorio nacional, incluíndo as importacións, para produtos da pesca, do marisqueo ou acuicultura, vivos, frescos, refrixerados, conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo, ou en instalacións da acuicultura, envasados ou non.

Este real decreto establece no seu artigo 2 que os produtos pesqueiros só poderán ser descargados nos portos delimitados polas comunidades autónomas, e nos peiraos o lugares designados polas autoridades portuarias.

No seu artigo 3.B) di que a primeira venda de determinados produtos conxelados, ultraconxelados o transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura realizarase nos centros o establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

Ademais e dado o carácter de recurso da flora mariña e o auxe no consumo que existe destes produtos é necesario regular tamén a primeira venda da mesma, ao igual que o real decreto antes citado.

O Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, regula no ámbito da comunidade autónoma a descarga e primeira venda dos produtos da pesca que se leva a cabo nas lonxas ou centros de venda autorizados.

Pero a nivel da comunidade autónoma non está regulada a primeira venda dos recursos pesqueiros dos que non é obrigada a súa primeira venda en lonxa; e dada a importancia da comercialización destes produtos e, que tanto a nivel da Comunidade Europea como a nivel nacional, está recollida, é preciso regular no noso ámbito esta actividade.

De acordo co anteriormente disposto, logo da consulta aos sectores pesqueiro e comercializador afectados, e en virtude das facultades que teño conferidas

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

O obxecto desta orde é regular, no ámbito territorial da comunidade autónoma, a descarga e transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos que non sexa obrigada dita venda na lonxa, incluíndo a flora mariña.

Para os efectos do disposto nesta orde, establécese o procedemento de autorización dos establecementos ou centros que realicen, ou pretendan realizar a primeira venda dos ditos produtos.